

# CURSO DE REDACCIÓN E EXPOSICIÓN ORAL DE TFG

02 DE FEBBREIRO DE 2022

*CARMEN M. GARCÍA JARES*  
*JOSÉ MANUEL VILA ABAD*  
*PEDRO RODRÍGUEZ DAFONTE*



**INTRODUCCIÓN: NORMATIVA DE TFG**

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-quimica/SitePages/Convocatorias-e-prazos.aspx>

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-quimica/SitePages/Normativa.aspx>


# ENTREGA DA MEMORIA

**A/O alumna/o** realizará a solicitude, despois da autorización do titor:

- ❖ 1º: Subirá á aplicación da **secretaría virtual** un exemplar do TFG en pdf.
- ❖ 2º: Solicitude de lectura a través da súa **secretaría virtual**.


## **O/A titor/a ou titores**

- 👍 Autorizará a presentación, na súa **secretaría virtual**.
- 👍 Emitirá un informe de titorización en pdf que subirá á súa **secretaría virtual**.



A memoria (cun máximo de 50 páxinas) deberá adoptar a estrutura seguinte:

- **Portada**, na que figuren: denominación do Grao, título do traballo, nome completo do autor, e curso académico correspondente.
- Na **primeira folla** da memoria figurarán os datos do Departamento, Centro, Institución ou Empresa onde se realizou o TFG, así como a autorización escrita do titor ou titores deste.
- **Índice** dos capítulos e apartados.
- **Resumo** dunhas 200 palabras, en inglés, español e galego
- **Introdución** breve sobre antecedentes.
- **Obxectivos e plan de traballo**.
- **Resultados**, cunha **discusión** crítica e razoada destes
- **Conclusións**, en inglés, español e galego



A Comisión do TFG, na súa reunión do 14 de decembro de 2021, acordou a aprobación das **datas de exame** para a presentación dos TFG, correspondentes ao curso 2021/2022:

Data de entrega	Data de defensa
7/02/2022	17/02/2022
4/07/2022	18/07/2022
31/07/2022	7/09/2022



# TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN

(Áreas de Química Inorgánica, Química Orgánica e Bioquímica e Bioloxía Molecular)

Tribunal I (Titulares):	Tribunal II (Titulares):	Tribunal III* (Titulares):
Susana López Estévez	Manuel Amorín López	Félix Freire Iribarne
Miguel Martínez Calvo	Moisés Gulías Costa	José Luis Mascareñas Cid
Jesús Sanmartín Matalobos	Miguel Vázquez López	Elena Labisbal Viqueira

(Áreas de Química Analítica, Química Física, Enxeñaría Química e Edafoloxía e Química Agrícola)

Tribunal IV (Titulares):	Tribunal V (Titulares):	Tribunal VI* (Titulares):
M <sup>a</sup> Carmen Casais Laiño	Sarah Fiol López	Carmen M <sup>a</sup> García Jares
Carlos M. Estévez Varcárcel	Jesus Rodríguez Otero	Massimo Lazzari
María Llompart Vizoso	Isaac Rodríguez Pereiro	Elisa M <sup>a</sup> Rubí Cano

(Áreas de Química Inorgánica, Química Orgánica e Bioquímica e Bioloxía Molecular)

Tribunais I, II e III (Suplentes):
Ana M <sup>a</sup> García Deibe
María Giménez López
Dolores Pérez Meirás

(Áreas de Química Analítica, Química Física, Enxeñaría Química e Edafoloxía e Química Agrícola)

Tribunais IV, V e VI (Suplentes):
Pilar Bermejo Barrera
Luis García Río
Ramón Leis Fidalgo



# PRESENTACIÓN E DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO

A matrícula dará dereito a presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado,

No caso de obter ***Non Presentado nas dúas oportunidades***, considerarase consumida a convocatoria. No suposto de que o alumno/a **non reúna os requisitos para presentar o TFG**, por ter materias pendentes, considerarase como unha **renuncia á convocatoria** (con efectos económicos).

Requirirase a presentación e defensa da memoria correspondente aos TFG ante un tribunal.

A alumna/o **expoñerá oralmente**, en sesión pública, durante un tempo comprendido **entre 10 e 15 minutos** o traballo desenvolvido.

Iso deberá ir seguido dun **debate** sobre o mesmo cos membros do tribunal, que terá unha **duración máxima de 15 minutos**.



# AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E REVISIÓN.

O tribunal realizará un informe, segundo un modelo que se elaborará para o efecto, no que **VALORARÁ**:

- 1) **A presentación escrita do TFG (memoria)**
- 2) **A presentación oral**
- 3) **O nivel e solidez de coñecementos do/a alumno/a.**



A mención de “**Matrícula de Honra**” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación **igual ou superior a 9,0**. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos/as é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. **Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico.**

No caso de existiren dous ou máis tribunais avaliadores, **a atribución desta cualificación corresponderá realizala á Comisión do TFG**, oídas as propostas dos diferentes tribunais actantes.

# AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E REVISIÓN.



FACULTADE DE QUÍMICA  
 Avda. das Ciencias, s/n  
 15782 Santiago de Compostela


## INFORME DE AVALIACIÓN DO TFG

Alumno:

Titor/Cotitor:

Título TFG:

<i>Concepto</i>	<i>Breve xustificación</i>	<i>Rango</i>	<i>Cualificación</i>
<p><b>Contido da memoria</b>, que incluírá a avaliación do seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Relevancia da Introducción e da bibliografía para o traballo realizado.</i></li> <li>- <i>Precisión na definición de obxectivos.</i></li> <li>- <i>Rigor na interpretación e discusión de resultados.</i></li> <li>- <i>Axuste do desenvolvemento do traballo e das conclusións aos obxectivos expresados.</i></li> </ul>		<b>0-3.0</b>	
<p><b>Presentación escrita</b>, que incluírá a avaliación do seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Concordancia da estrutura da memoria co recollido no regulamento do TFG.</i></li> <li>- <i>Utilización de terminoloxía científica axeitada.</i></li> <li>- <i>Orixinalidade da presentación escrita.</i></li> <li>- <i>Uso e presentación correcta das fontes de información.</i></li> <li>- <i>Presentación e numeración correcta de táboas, figuras e esquemas.</i></li> </ul>		<b>0-2.0</b>	





# AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E REVISIÓN.

<p><b>Presentación oral</b>, que incluirá a avaliación do seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- <i>Claridade da presentación oral.</i></li><li>- <i>Reparto do tempo dispoñible na presentación das diferentes partes da memoria.</i></li><li>- <i>Realización dunha presentación representativa do traballo realizado.</i></li></ul>		<b>0-2.5</b>	
<p><b>Resposta ás preguntas</b>, que incluirá a avaliación do seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- <i>Claridade e concreción das respostas.</i></li><li>- <i>Coherencia nas respostas ás preguntas formuladas.</i></li><li>- <i>Demostración da adquisición das competencias asociadas á materia TFG na memoria do Grao.</i></li></ul>		<b>0-2.5</b>	

**CUALIFICACIÓN FINAL**

**PROPOSTA DE MATRÍCULA DE HONRA**

*Breve xustificación da proposta de matrícula de honra (de ser o caso)*

Santiago de Compostela, ... de ... de 2022

Presidente do Tribunal

Vogal do Tribunal

Secretario do Tribunal



# AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E REVISIÓN.















[Todas las clases](#)
[Incorporarse a la cuenta \(IA\)](#)
[Entrega Rápida](#)

ESTÁS VIENDO: INICIO > QUICK SUBMIT

Acerca de esta página  
 Esta es la bandeja de entrada de ejercicios. Para ver un trabajo, haga clic en el título.

Facultade de Química  
 ENTREGA RÁPIDA | ESTÁS VIENDO: TRABAJOS NUEVOS ▾

[Enviar](#)

TÍTULO	SIMILITUD	ARCHIVO	Nº DEL TRABAJO
TFG_aom	5% 		1251998544
TFG_thn_turnitin	23% 		1252104394
TFG_cts_turnitin	12% 		1252105477
TFG_ysb_turnitin	10% 		1252106212
TFG_jgn_turnitin	13% 		1252206599
DA 2020 ACC	22% 		1248754350



# AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E REVISIÓN.

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisionais.

O prazo para a revisión **non poderá ser inferior a tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da data de publicación da lista** (normativa USC).

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso **deberá quedar constancia da celebración da revisión** e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións

